



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE XANEIRO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente :	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/12/2023).**

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28/12/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Acordo, se procede, sobre do POS + 2024 (Plan único de concellos).**

Dáse conta das bases reguladoras do Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS +2024) (Plan único de concellos), aprobadas pola Deputación Provincial con data vinte e catro de novembro de 2023 (BOP núm. 227/23, do 28 de novembro)

Ao abeiro das mesmas, proponse ao Pleno:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á achega provincial 2023”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devindiquen no exercicio 2024:**

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	201.519,15



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Acheга provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	201.519,15

### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado con dedución (só abastecemento auga potable)	Total Concello	
Proxecto de reforma e mellora de camiños en Gundián, Sobredo e outros	156.279,99	0	0	0	156.279,99
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	156.279,99	0	0	0	156.279,99

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

### C Redución de débeda do concello coa Deputación (préstamo provincial):

C.- Redución da débeda co concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Acheга provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Acheга provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
<b>Subtotal redución da débeda do concello coa deputación</b>	0

### D.- Resumo

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado con dedución (só abastecemento auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Acheга 2024	201.519,15				201.519,15
	Acheга 2023 (Excep. Base 2.1)					
	Acheга 2024					



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2023</b>	156.279,99	0	0	0	156.279,99
<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN</b>	<b>Achega 2024</b>	0				0
	<b>Achega 2023</b>	0				0
<b>D.- TOTAL.</b>	<b>Achega 2024</b>	201.519,15	0	0	0	201.519,15
	<b>Achega 2023</b>	156.279,99	0	0	0	156.279,99

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega provincial asignada: 2024 + 2023)</b>	<b>Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)</b>	<b>IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)</b>	<b>Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)</b>
Ampliación abastecemento á San Miguel de Sarandón	176.072,70	30.558,07	145.514,63
Ampliación da rede de abastecemento á Picón (Vilanova)	79.547,46	13.805,76	65.741,70
<b>TOTAIS</b>	<b>255.620,16</b>	<b>44.363,83</b>	<b>211.256,33</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do



presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que, como xa se falou na comisión, este plan único vén dividido en tres partes. Agora hai uns 350.000 € neste plan e logo vén ese outro remanente a mediados de ano que serán arredor duns 300.000 €.

Unha parte, preto de 200.000 €, destínase a gasto corrente, e despois nesta primeira fase uns 156.000 € son para comezar esa planificación de reparación de pistas reclamadas por asociacións de veciños e mesmo polos grupos políticos. É consciente de que son insuficientes pero é o comezo do plan que teñen previsto para esta lexislatura.

Por outro lado están os outros dous plans complementarios, sen esquecerse de seguir coa extensión dos servizos básicos, como son abastecemento e saneamento. Neste caso, o abastecemento en San Miguel, que está pendente da autorización de Fomento para poder atravesar a autopista, porque aínda que se aprobe agora, mentres non chegue a autorización non se pode licitar nin adxudicar.

Por outro lado levar o abastecemento a Picón, o que supón atravesar a N-525 co plan director e despois as terminacións xa as fai o concello.

Son dúas obras nas que se deduce o IVE e polo tanto xa non entra dentro da subvención, co cal son dúas obras que van entrar no plan complementario.

Solicita o apoio da corporación a estas obras.

O Sr. Pose, do BNG, di que xa saben que historicamente o seu partido se opuxo a votar favorablemente estes POS, fundamentalmente porque na parte que ten que ver coa reparación de pavimentos non existe un plan director de reparación de estradas do concello. A finais da anterior lexislatura anunciaran a súa redacción, pero a día de hoxe o BNG aínda non o viu.

Tal e como está o concello, roga que fagan algo, o que sexa, e por iso vanse abster.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, considera que é unha iniciativa interesante, necesaria e sobre todo moi demandada por parte dos veciños, tanto o abastecemento a San Miguel e Picón como a reparación desas poucas pistas. Reitera que é preciso incluír máis pistas.

Posta a votación, apróbbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

### **3º.- Acordo, se procede, sobre do POS + Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024.**

Visto o disposto na Base 12 das reguladoras do Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS +2024), aprobadas polo Pleno da Deputación con data 24 de novembro de 2023, e publicadas no BOP núm. 227/23, de data 28 de novembro, proponse:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría -Intervención do concello, segundo se indica a continuación:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Achega provincial preasignada do do POS + Adicional 1/2024			57.576,90 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
	(A)	(B)	(A-B)
<p>c) Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas, entre outras.</p> <p>O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSSS. Nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS + ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS + ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non a totalidade do servizo.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de achega municipal do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	742.344,00	496.950,90	245.393,10
<b>T O T A L</b>	<b>742.344,00</b>	496.650,90	245.3.93,10
<b>PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS + ADICIONAL</b>	57.576,90 €		
<b>OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO</b>	187.816,20 €		

A Presidencia sinala que isto é un complemento do anterior. Un primeiro adicional que xa enviaron agora e destinado a gastos sociais, que seguindo o criterio do departamento correspondente destinan integramente ao SAF.

O Sr. Pose, do BNG, di que van votar a favor.



Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo está a favor, aínda que considera que o SAF está afogando economicamente ao concello e que dende a Xunta de Galicia debería haber outro apoio a este tipo de servizos.

A Presidencia contéstalle que está de acordo no que di, e de feito hai unha liña tanto na FEGAMP como na FEMP de reclamación tanto á Xunta de Galicia como ao Estado. É un tema que non é de cores políticas e a solución ten que vir das dúas administracións.

Posto a votación, apróbase por unanimidade.

#### **4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o proxecto básico e documentación do centro de día, di que xa llo enviou no día de hoxe.

2º.- Respecto á humanización das vías que pasan por Vedra da Deputación, di que están pendentes dese tema, pero é algo que depende da Deputación.

3º.- Sobre o vehículo municipal, di que é un comentario que non comparte.

4º.- Respecto ás comunidades enerxéticas, contesta que é un asunto que tratarán no próximo pleno.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre as ausencias e viaxes do Alcalde cando vai a Madrid ou á Deputación, di que en relación á Deputación, depende do mes. Poden ser 5, 6 ou 7 días. Normalmente soen ser polas tardes as reunións e comisións. Os plenos son polas mañás e aproveita para facer outras xestións na propia Deputación e nas Delegacións da Xunta de Galicia en Coruña. En relación á FEMP, é un luns e martes ao mes, en Madrid, normalmente a finais de mes.

2º.- Respecto á pregunta sobre o arquivo, a idea é conseguir algunha subvención da Xunta de Galicia e esa cantidade que figura no orzamento é a que tería que por o concello para a reparación dunha serie de humidades e filtracións que hai no local a través da reparación propia do tellado.

3º.- Sobre que cando se fagan obras en viñedos se lle recorde ás empresas que teñen que limpar as vías públicas, di que toman nota.

4º.- Respecto á liña de bus, di que é certo que a través da N-525 hai unha cobertura bastante digna. Cara o interior de Vedra hai algunhas cuestións que teñen que estudar e sempre se poden mellorar. Non sempre é fácil, porque hai que combinalo mesmo con outros concellos. Xa están a falar coa Xunta de Galicia para solucionar o problema que hai os venres ás 15:00 horas. Van axustar a liña que sae do hospital para que o faga ás 15:10 horas, co cal solucionaríase o problema dese día.

5º.- Sobre a publicación no boletín e na web municipal das novas taxas, di que foron aprobadas en pleno e estes están colgados e publicados na web municipal. Obviamente a xente ao longo deste ano van coñecer as subidas das taxas porque eles mesmos explicaranas nas reunións parroquiais.



6º.- Respecto a cantas actuacións culturais se fan directamente dende o concello, di que a persoa encargada da coordinación e maquetaxe do boletín ten a total e absoluta liberdade para presentar os mesmos como mellor considere, seguindo as pautas de sentido común que se lle presupón despois de máis de quince anos facéndoo.

No exemplar de decembro decidiu unificar o Nadal en Vedra porque o considerou máis útil á hora de facer unha axenda para a xente e facer máis visible a cronoloxía das actividades e sempre especificando a entidade organizadora. Hai cinco actividades que son propiamente do concello.

A parte diso, dende que o PP está no goberno municipal, apostou por fomentar a cultura e por apoiar, axudar e colaborar con todas e cada unha das asociacións e todas e cada unha das iniciativas que teñen; ademais de algo moi importante como non competir nin contraprogramar. Cre que son dos concellos a nivel galego que máis cartos por habitante destinan a axudar a estas entidades.

### **5º.- Rogos e preguntas.**

-- O Sr. Pose, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita o plan director de estradas e que a partir de agora cada vez que se faga un investimento dese tipo se ataña a ese plan.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Xa que se vai reparar o arquivo, pregunta se algún ano van solicitar as axudas da Xunta de Galicia para contratar un auxiliar de arquivos durante uns meses. Parécelle interesante para levar a cabo ese labor divulgador que deberán ter os arquivos.

-- Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita o plan director no que se planifican as pistas que se van arranxar e tamén o orzamento que se vai dedicar á súa execución. Pregunta cales son as pistas que se aprobaron no POS 2023, se xa comezou a súa execución, e de non ser o caso, cando se prevé que comecen as obras. Había algunha en Texo que aínda está sen facer.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.